

actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Lugo, 18 de setembro de 2012.- O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE URBANISMO, Luis Manuel Álvarez Martínez

R. 4022

## A PASTORIZA

### *Anuncio*

O Pleno desta Corporación en sesión de data 07 de agosto de 2012 aprobou inicialmente o Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga potable no Concello da Pastoriza.

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, o acordo provisional adquiere carácter definitivo e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da citada Lei, procédese a publicación do seu texto íntegro para a súa entrada en vigor.

Contra o regulamento aprobado poderase interpoñer, recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que contará dende o día seguinte ao da presente publicación.

### **REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECEMENTO DE AUGA POTABLE NO CONCELLO DA PASTORIZA-**

#### **CAPÍTULO I. NORMAS XERAIS**

##### **Artigo 1. Obxecto.**

O presente regulamento ten por obxecto regular o servizo municipal de abastecemento de auga potable dentro do termo municipal do Concello da Pastoriza que constitúe un servizo esencial, reservado pola lexislación de réxime local a prol das entidades locais, de prestación e recepción obrigatoria.

O servizo, de titularidade municipal, prestarase polo Concello mediante calquera das formas de xestión previstas pola lexislación de réxime local.

Dadas as especiais características dos asentamentos de poboación, a prestación efectiva do servizo mediante a extensión da rede pública virá condicionada polas disponibilidades orzamentarias e os plans de obras que anualmente se aproben xunto co presuposto municipal.

##### **Artigo 2. Terminoloxía.**

Denomínase usuario, para os efectos desta ordenanza, toda persoa física ou xurídica capacitada legalmente para contratar que teña contratado o servizo de subministración de auga co Concello e faga uso do mesmo para satisfacer necesidades individuais, produtivas ou sociais.

Entenderase por "servizos técnicos" a unidade administrativa que o Concello determine como responsable do servizo en canto a tarefas de control, inspección técnica ou de policía sobre o servizo e a súa xestión técnica.

##### **Artigo 3. Usos.**

En función do uso que se faga da auga a subministración tipificarse en usos doméstico e non domésticos.

- Entenderase por uso doméstico o consumo destinado ao o desenvolvemento da vida cotiá das persoas, atendendo necesidades primarias da vida, preparación dos alimentos e hixiene persoal, e sen que dito uso xere outro beneficio máis alá co directamente vinculado a salubridade e mellora da calidade de vida dos usuarios.

Esta modalidade aplicarase exclusivamente a locais destinados a vivendas ou anexos ás vivendas, sempre que neles non se realice actividade industrial, comercial, profesional, nin de servizos de calquera tipo.

-Entenderase como uso non doméstico o consumo asociado ao desenvolvemento de calquera tipo de actividade, que directa ou indirectamente xere algún tipo de beneficio de índole económica ao usuario. Neste grupo incluiranse os restantes usos autorizados no contrato de subministración distintos ao doméstico asociado ás vivendas.

Nos supostos en que a actividade industrial, comercial, ou profesional non se realice en locais ou establecementos independentes, senón nas propias vivendas ou en anexos das mesmas, o usuario virá obrigado

a independizar as instalacións en canto á acometida da auga e colocar contadores independentes. Non obstante, nos casos de actividades preexistentes con acometida en regra, o usuario poderá optar entre manter unha única acometida e contador para ambos usos, que se considerará aos efectos da normativa municipal como uso non doméstico, ou ben proceder, ao seu cargo, a independizar ambas acometidas, neste caso, o Concello non considerará a nova acometida como alta nova aos efectos do devengo da taxa por alta no servizo.

Cando se manteña unha única acometida para distintos tipos de uso, para determinar a parte do consumo que queda suxeita ao canon da auga, estarase ao previsto no artigo 12 do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas. Nestes casos calcularase o consumo suxeito ao canón mediante o réxime de estimación obxectiva previsto no artigo 15 da citada norma autonómica.

## CAPÍTULO II. OBRIGAS E DEREITOS DOS USUARIOS.

### Artigo 4. Obrigas do usuario.

Serán obrigas do usuario do servizo as que a continuación se relacionan:

1. Pagar puntualmente os cargos que lle presente o Concello pola prestación dos servizos de subministración de auga, ou por outros servizos complementarios cando sexan realizados directamente polo Concello, de conformidade coas tarifas aprobadas na ordenanza fiscal municipal reguladora da taxa polo abastecemento de auga.

A obrigatoriedade de pagamento esténdese aos casos en que se produzan fugas ou perdidas de auga por avarías ou irregularidades na construcción ou conservación das instalacións particulares do usuario, ou por calquera outra causa non imputable ao servizo municipal de auga.

2. Usar a auga obxecto de subministración con suxección ás normas contidas na lexislación aplicable, neste regulamento e no contrato, e cumplir, se é o caso, as limitacións e prioridades de uso que se disponen regulamentariamente.

3. Respectar as instalacións da infraestrutura do servizo, as redes de distribución e os empalmes que forman parte integrante do dominio público, así como non realizar neles ningunha manipulación ou alteración sen a correspondente autorización.

4. Darlle ao persoal do Concello encargado destas tarefas os datos que se lle solicite en relación ao contrato de subministración.

5. Conservar as súas instalacións particulares de xeito que non prexudiquen as redes públicas de subministración nin o funcionamento do servizo, utilizalas correctamente e respectar os precintos que garantan a integridade do contador.

6. Comunicar ao servizo municipal de auga calquera avaría ou irregularidade das instalacións da rede de subministración de auga que poida afectar ao funcionamento normal do servizo.

7. Permitir ao empregado municipal encargado deste cometido o acceso ás instalacións ou locais onde sexa necesario desenvolver traballos relacionados coa lectura do contador e coa inspección ou reparación das instalacións.

8. Solicitar ao servizo municipal de auga a autorización para calquera modificación nas súas instalacións particulares que comporte variación no número de usuarios ou cambio no uso da auga.

9. No caso de que nun mesmo inmoble exista auga doutra orixe, ao par do servizo público de subministración, o usuario disporá a súa instalación interior de xeito que a súa auga particular non poida entrar na rede xeral.

10. Instalar á súa conta un contador para cada unha das dependencias dun mesmo edificio ou construcción cando se contraten por un mesmo titular distintos usos, así como instalar á súa conta unha válvula antiretorno.

### Artigo 5. Dereitos do usuario.

Serán dereitos do usuario os que a continuación se relacionan:

1. Acceder ao servizo en condicións de igualdade unha vez que reúna as condicións e requisitos sinalados por este regulamento.

2. Utilizar o servizo con carácter permanente, a non ser por razóns de forza maior

3. Dispoñer da auga nas condicións hixiénico-sanitarias e coas condicións técnicas de presión axeitadas e conformes coa normativa legal aplicable.

4. Solicitar do servizo municipal de augas as aclaracións, informacións e asesoramento necesario sobre o servizo e recibir a correspondente contestación, por escrito se as consultas se presentasen con ese carácter.

4. Presentar as queixas ou reclamacións que xulgue oportunas en relación coa prestación do servizo e obter contestación a elles.

5. A que se facture o servizo de subministración de auga de conformidade coas tarifas legalmente aprobadas.

6. Obter unha copia do contrato ou póliza de subministración.

#### **Artigo 6. Prohibicións ao usuario.**

Os usuarios non poderán:

a) Utilizar auga, ben sexa con carácter permanente ou con carácter temporal, para outros locais ou vivendas diferentes dos recollidos no contrato.

b) Realizar calquera operación que teña por finalidade que o consumo de auga non sexa rexistrado polo contador ou equipo de medición.

c) Utilizar a auga para fins distintos dos que foron obxecto de contrato.

d) Poñer nos encanamentos de subministración, sen a autorización previa do servizos técnicos municipais, bombas ou calquera outro aparello que modifique ou afecte as condicións da rede de distribución e que poida interferir no servizo prestado a outros usuarios .

e) Causar fugas de auga con carácter intencionado ou por negligencia.

f) Romper os precintos dos contadores ou equipos de medición, así como fedellar nefes.

g) Ceder gratuíta ou de forma remunerada auga a terceiros, xa sexa con carácter permanente ou temporal, salvo para usos dun servizo público con carácter de emergencia.

Os usuarios serán responsables de toda defraudación que se produza na subministración, ben por si ou por calquera outra persoa que dependa del.

#### **CAPÍTULO III. DEREITOS E DEBERES DO CONCELLO.**

##### **Artigo 7. Obrigas do Concello.**

Con independencia daquelas situacións que sexan obxecto dunha regulación especial neste mesmo regulamento e das que poden derivarse obrigas específicas para o Concello, éste terá as seguintes obrigas:

- Distribuír e situar nos puntos de toma dos usuarios a auga potable, de acordo coas condicións que se fixan neste Regulamento e demás disposicións que sexan de aplicación, con mención especial ás sanitarias, así como manter a continuidade da subministración, salvo supostos de interrupcións indicados neste regulamento.

- Conceder a subministración de auga dentro da área de cobertura a todo peticionario do mesmo nos termos establecidos no presente Regulamento e nas condicións técnicas e económicas recollidas na normativa vixente.

- Garantir a potabilidade da auga, de acordo cos dispositivos sanitarios vixentes, ata a chave de rexistro dos usuarios a cal determina o inicio da instalación interior.

- Manter e conservar as redes e instalacións necesarias para o abastecemento

- Manter a chave de rexistro nas condicións de presión e caudal establecidas na autorización da subministración, salvo casos de avarías accidentais ou forza maior.

- Manter a regularidade na subministración de auga, a salvo dos supostos de interrupción previstos neste regulamento, e informar aos aboados sempre que sexa posible das interrupcións ou alteracións que se podan producir como resultado das súas actuacións ou de terceiros, salvo casos de forza maior.

Exclúense as interrupcións forzadas por causas fortuitas e imprevistas, como roturas accidentais por actuacións externas ou por fallos na rede.

- Efectuar a facturación tomando como base as lecturas periódicas dos contadores e aplicando a cada tipo de subministración as tarifas que en cada momento estean aprobadas na correspondente Ordenanza fiscal.

#### **Artigo 8. Dereitos do Concello.**

Sen prexuízo daqueles outros que en relación con situacións específicas podan derivarse para o Concello, este, con carácter xeral, terá os seguintes dereitos:

- Inspeccionar, coas limitacións que se establezan neste regulamento, as instalacións interiores da subministración. A tal efecto, se a xuízo do Concello se determinara que existe perigo grave para a seguridade das persoas polo mal estado das instalacións ou ameaza de danos graves, poderase suspender o servizo de forma inmediata, poñendo o feito en coñecemento do interesado.

Neste caso, coma naqueles outros nos que exista a necesidade de acometer a reparación por urxencia, o Concello poderá repercutir ao usuario os gastos, debidamente xustificados, nos que se incorrese.

Os usuarios serán responsables dos danos e prexúizos que as deficiencias das súas instalacións podan causar a terceiros.

- Percibir o importe das facturacións ou cargos que regulamentariamente se liquiden ao usuario.

### **CAPÍTULO IV. INSTALACIÓNS PÚBLICAS DO ABASTECEMENTO.**

#### **Artigo 9. Elementos materiais da rede pública de subministración.**

Son elementos do servizo de abastecemento de auga potable incluídos na rede xeral,

1. Rede de alta.- Abrangue as obras hidráulicas de captación, elevación, estación de tratamento, depósitos de almacenamento (que poden ser de cabeceira, de cola e reguladores), edificios, dispositivos electromecánicos, encanamentos, conducións mestras e sistemas de regulación e control.

2. Rede de baixa.- Abrangue a rede de distribución necesaria para a subministración aos usuarios e está integrada por canos, arquetas, pezas especiais e bocas de rego e incendios. A rede de baixa pode ser de distribución primaria e secundaria.

A rede de distribución primaria é a que está integrada polos canos que enlazan diferentes sectores das áreas abastecidas, e nela non se poden realizar empalmes.

A rede de distribución secundaria é a que está integrada polos canos que discorren ao longo dunha vía pública ou de terreo privado (neste caso trala constitución da correspondente servidume) e dela derivan os empalmes.

3. Empalme ou acometida.- É o ramal ou derivación que sae da rede de distribución secundaria más próxima e leva a auga ao pé do inmoble ou á extrema do terreo a onde vai ser subministrada.

O empalme ou acometida estará formado por un cano único de características axeitadas ao volume de auga servido e disporá cando menos dunha chave de corte exterior situada nunha caixa na vía pública por diante do inmoble ou terreo e o máis achegada posible a el.

O empalme disporá dos seguintes elementos:

- a) O dispositivo de toma, que vai sobre o cano da rede de distribución secundaria e abre o paso do empalme.
- b) O ramal ou treito de encanamento, que une o dispositivo de toma coa chave de rexistro.
- c) A chave de rexistro, que vai ao final do ramal do empalme, na vía pública e achegada á extrema do inmoble ou terreo.

A chave de rexistro constitúe o límite entre as instalacións públicas do servizo e as interiores do usuario e precisa ata onde chegan as obrigas respectivas de mantemento e reparación por parte da administración e do usuario.

### **CAPÍTULO V. SOLICITUDE DE CONEXIÓN AO SERVIZO.**

#### **Artigo 10. Presentación da solicitude de conexión ao servizo.**

A conexión da nova toma ou acometida á rede farase mediante solicitude dos interesados que se presentará nas oficinas municipais.

As peticións de alta levarán implícito o compromiso do peticionario de cumplir as disposicións consignadas no presente regulamento.

#### **Artigo 11. Requisitos da solicitude de conexión ao servizo.**

1. A solicitude de conexión ao servizo deberá conter como mínimo (para os efectos de notificacións) o nome e apelidos do peticionario ou a súa razón social, NIF ou CIF o enderezo, así como o teléfono. A esta información tamén se engadirá o enderezo do local ou inmoble para o que se pide a subministración e o uso ao que se destinará a auga.

O Concello poderá establecer impresos normalizados, en tal caso, as solicitudes faranse polos peticionarios no devandito modelo normalizado.

A solicitude de conexión á rede de distribución deberá conter a seguinte documentación:

- Se é para un inmoble novo, a licenza de primeira ocupación e o boletín de instalación de fontanería.

No caso de edificación sen licenza de obras ou sen axustarse a ela, se transcorrese o prazo de prescripción para repoñer a legalidade urbanística, informe ou certificación municipal que acredite dita prescripción.

- No suposto de inicio dunha obra nova, a licenza urbanística para a súa construcción.

-No caso dunha industria, comercio ou calquera outra actividade; licenza de actividade ou documento de toma de coñecemento pola Administración para as actividades sometidas a declaración responsable ou comunicación previa, e en todo caso, a alta no imposto de actividades económicas e o boletín de instalación de fontanería.

- Copia do documento que ampare a titularidade ou o dereito de uso do inmoble ou local e nos casos de arrendamentos o correspondente contrato.

- 2. Deberá presentarse unha solicitude independente por cada inmoble e tipo de uso.

O subministro de auga potable aos edificios e instalacións municipais e aos centros ou servizos dependentes do Concello, non estarán suxeitos ao pagamento por devandito concepto. Non se incluirán neste apartado os servizos que están baixo acordo de xestión privada.

#### **Artigo 12. Taxas por alta no servizo.**

A tarifa por alta no servizo, liquidada segundo dispón a ordenanza fiscal correspondente, deberá aboarse no momento de presentar a solicitude .

#### **Artigo 13. Causas de denegación da conexión.**

A aprobación ou denegación de toda conexión á rede para subministración de auga potable é competencia do Concello, mediante decreto do Alcalde, ou órgano no que delegue, previo informe dos servizos técnicos municipais.

Poderá denegarse a conexión cando se dean algunha das seguintes circunstancias:

- Que o solicitante non presente a documentación esixida.
- Que o inmoble non estea situado na área de cobertura do servizo.
- Que o inmoble non conte coas instalacións interiores axeitadas por non se axustaren a este regulamento ou á normativa técnica aplicable.
- Que algunha parte das instalacións xerais que é preciso ampliar para a realización do empalme ou acometida teña que discorrer por terreos privados e o solicitante non xustifique a existencia da servidume correspondente inscrita no rexistro da propiedade.
- Que a presión da auga no punto de conexión non sexa suficiente ou sexa excesiva para a subministración correcta do servizo e non se instalasen, por conta do solicitante, as medidas correctoras oportunas.

#### **Artigo 14. Realización das obras de conexión.**

Todos os traballos de acometidas ata a chave de paso (que é chave situada nunha caixa na vía pública por diante do inmoble ou terreo) incluída a súa instalación, serán realizados polo solicitante do servizo e ao seu cargo. O persoal municipal dirixirá e inspeccionará os mesmos, coidando que as obras feitas, pezas de toma, chaves, arquetas e demás material empregado na execución das devanditas acometidas cumplan con todas as esixencias para o bo funcionamento do servizo e con todas as normas establecidas para cada caso.

No caso en que así o solicite o peticionario, as obras poderán ser executadas polo Concello. A tal efecto, o Concello confeccionará o orzamento das obras que presentará ao peticionario para a súa aceptación. Unha vez aceptado o presupuesto o solicitante deberá facer efectivo o importe da exacción no prazo que se estableza na liquidación correspondente. De existir diferenzas entre o liquidado e as obras realmente executadas xirarse liquidación complementaria unha vez rematadas aquelas.

#### **Artigo 15. Conexións provisionais.**

O único caso en que se autorizarán conexións provisionais á rede municipal de auga será as das acometidas vinculadas á realización de obras. Estas tomas de auga enténdense outorgadas en precario e rexeranse polas condicións xerais que lle son aplicables aos usos non domésticos más polas condicións particulares que determine o Concello en cada caso.

A toma de auga outorgada con destino á realización dunha obra non poderá usarse, en ningún caso, para vivendas ou locais. Ao remate das obras comunicarase este feito ao Concello quedando automaticamente sen vixencia a conexión provisional e debendo solicitar o abastecemento definitivo, o cal, unha vez concedido, suporá o cambio de tarifa segundo a natureza do uso da auga.

En tanto non se autorice o abastecemento definitivo ou no caso en que unha vez rematada a obra non se solicite aquele, o consumo seguirá facturándose como de obra, é dicir, ao prezo marcado para o uso non doméstico, independentemente do uso ao que se destine.

Unha vez autorizado o abastecemento definitivo, o uso que se faga da auga a partir dessa data rexeranse polas condicións xerais de subministración e polas que lle sexan aplicables en función da súa finalidade.

No caso de que o novo usuario sexa persoa distinta da autorizada para o uso provisional, efectuarase o cambio de titularidade.

#### **Artigo 16. Conservación das acometidas.**

A conservación destas acometidas en perfecto estado de funcionamento e as reparacións que resulten necesaria serán por conta do usuario, podendo imponelas o Concello, previo requerimento a tal efecto logo de comprobación do estado das mesmas.

No caso de avaría na acometida fixase un prazo 5 días para a súa reparación polo usuario unha vez notificada polo Concello. Se transcorrido dito prazo a avaría non fose reparada farao o Concello pasando ao usuario o cargo correspondente.

#### **Artigo 17. Modificación das acometidas.**

Unha vez autorizada polo Concello a acometida para a subministración de auga dun predio ou local, non poderán realizarse alteracións nas conduccións ou tubos sen o consentimento expreso do Concello, o cal, co fin de evitar que existan irregularidades poderá exercer unha vixilancia constante sobre a conducción e os aparatos contadores.

Se un inmoble amplia o número de vivendas ou locais e o empalme non fose suficiente para a normal satisfacción das novas necesidades creadas, a persoa interesada solicitará do Concello a substitución ou modificación do empalme preexistente por outro máis axeitado. Os traballos serán por conta do usuario e revisaranse polos servizos técnicos municipais.

#### **Artigo 18. Condicóns da autorización.**

Cada toma ou acometida autorizada servirá só para o predio ou local para o que se solicitou sen que se permita estendela a varias, aínda no caso de que sexan contiguas e pertenezan ao mesmo dono, agás convenencias de distribución para o servizo, nese caso farase a desviación por fóra do predio primitivo.

Se por venda ou outra causa se dividira a propiedade, os novos propietarios estarán obrigados a executar tomas independentes para cada unidade obxecto de división.

Todo predio abastecido terá na vía pública, e o máis próximo a el, a chave ou chaves de paso que sexan convenientes para poder incomunicar a súa instalación interna do encanamento xeral. Estas chaves serán, necesariamente, do modelo adoptado ou que no sucesivo adopte o Concello para o servizo de augas.

#### **Artigo 19. Baixas no servizo.**

Os usuarios poderán cesar no uso do abastecemento de auga presentando nas oficinas municipais e por escrito a correspondente comunicación de baixa no servizo.

Polos servizos técnicos municipais procederase ao corte do abastecemento, para estes efectos, o Concello procederá a precintar a toma de auga, para o cal, en caso de que sexa preciso, o usuario estará obrigado a facilitar a entrada no seu domicilio ao persoal do Concello.

A baixa no Padrón de abonados e os conseguientes efectos económicos produciránse dentro do trimestre natural seguinte ao da data de comunicación da baixa.

## CAPÍTULO VI. INSTALACIÓNNS INTERIORES.

### Artigo 20. Instalaciónns interiores.

Entenderase por instalaciónns interiores do servizo as existentes en cada inmoble ou terreo a partir da chave de rexistro, e que forman parte integrante del. As instalaciónns interiores de subministración de auga deberán realizarse por técnico autorizado e axustaranse ás normas legais de aplicación.

As instalaciónns interiores das fincas serán efectuadas por persoal alíeo ao Concello, sendo os propietarios delas responsables dos danos e prexuízos que poidan producirse ou ocasionarse por calquera causa derivada de tal instalación.

### Artigo 21. Inspección das instalaciónns interiores.

As instalaciónns interiores dun inmoble realizadas polo usuario estarán suxeitas á inspección do Concello, coa finalidade de comprobar que foron executadas conforme ás normas legais e técnicas aplicables. Cando as instalaciónns interiores non se axusten ás normas citadas, o Concello denegará a conexión, e se xa existe conexión, o Concello suspenderá a subministración de auga, comunicándollo ao interesado para que corrixa as deficiencias rexistradas no prazo que se lle sinale.

### Artigo 22. Conservación das instalaciónns interiores.

O usuario será responsable da conservación e mantemento das instalaciónns interiores do servizo e estará obrigado a amañar pola súa conta os danos e avarías que sufran. As reparaciónns deberán realizarse no prazo máximo de cinco días desde que se produza o dano ou avaría.

Se o estado das instalaciónns interiores de subministración de auga dun inmoble ou terreo constitúe un perigo para a seguridade das persoas ou unha ameaza de dano imminente para as cousas, o Concello poderá suspender a subministración de auga de xeito inmediato, notificándollo ao usuario.

Cando exista perigo de danos imminentes e graves para as persoas ou para as cousas derivado do estado das instalaciónns interiores de subministración de auga dun inmoble, o Concello poderá realizar por si mesmo as obras imprescindibles para evitalo e poderá repercutir no usuario responsable os gastos orixinados. O Concello está obrigado a comunicarlle a realization das obras ao usuario.

## CAPÍTULO VII. OS CONTADORES.

### Artigo 23. Equipos de medición do consumo de auga.

A medición do consumo de auga que servirá de base á facturación realizarase por medio de contadores.

Os contadores ou medidores de caudais do subministro de auga potable serán dos tipos aprobados ou homologados polas Delegacións de Industria ou organismos similares e estarán debidamente verificados.

Os contadores serán propiedade dos usuarios do servizo.

Como norma xeral, a medición dos consumos efectuarase mediante:

1. Contador único: Cando no inmoble ou finca só exista unha vivenda ou local e nos casos de subministracións provisionais para obras.

2. Batería de contadores divisionarios: Cando exista máis dunha vivenda ou local será obrigado instalar un aparato de medida para cada unha delas e outro para os consumos orixinados polos servizos comúns.

Toda vivenda unifamiliar ou local en que se realicen actividades comerciais, industriais, profesionais ou de servizos disporá dun contador individual. Se nun inmoble hai máis dunha vivenda ou local, cada un deles disporá dun contador independente, sen prexuízo do que corresponda para os servizos comúns.

Cando nun local coexistan varias clases de usos, poranxe contadores independentes para cada un deles. Nestes casos, se por solicitude do usuario ou por outras razóns técnicas, soamente puidese existir un contador, o consumo total será facturado conforme á tarifa correspondente ao uso non doméstico.

#### **Artigo 24. Situación ou posición dos contadores.**

Os contadores estarán situados nun lugar axeitado e accesible, preto da chave de paso, á altura do baixo e na parte de fóra do inmoble.

Si se trátase de contadores únicos, os novos contadores instalarase en posición horizontal, xunto coas súas chaves de protección e manobra, nun armario homologado e exclusivamente destinado a este fin, que se emprazará na planta baixa do inmoble, xunto ao portal de entrada e encaixado no muro da fachada ou peche da propiedade e, en calquera caso, con acceso directo dende a vía pública. En ningún caso se poderá instalar o contador en arquetas soterradas. Coidarase que o contador estea defendido contra as xeadas.

No caso de vivendas colectivas, as baterías de contadores divisionarios instalarase en locais ou armarios unicamente destinados a este fin, emprazados na planta baixa do inmoble, en zona de uso común e con acceso directo dende o portal de entrada.

As baterías para centralización de contadores responderán aos tipos ou modelos oficialmente aprobados e homologados, tendo en conta que tódolos contadores deberán colocarse en posición horizontal. Na orixe de cada montante e no punto de conexión coa batería de contadores divisionarios, instalarase unha válvula de retención, que impida retornos de auga á rede de distribución.

Xa se trate de locais ou de armarios instalarase, en lugar destacado e de forma visible, un cadro ou esquema no que de forma indeleble queden debidamente sinalizados os distintos montantes e saídas das baterías e a súa correspondencia coas vivendas e locais.

A modificación da situación ou posición do contador será por conta do usuario e previa autorización dos servizos técnicos municipais.

#### **Artigo 25. Instalación dos contadores.**

Non se instalará ningún contador ata que o usuario teña autorizada a acometida e a correspondente alta no servizo.

Os servizos técnicos municipais determinarán o tipo de contador que se debe instalar e o calibre mínimo daquel, tendo en conta as condicións do servizo, non obstante o abonado poderá instalalo de calibre superior.

Unha vez realizada a instalación verificarase polo Concello que o contador se adapte ás esixencias da rede de abastecemento e comprobarase o seu diámetro para os efectos do cálculo da tarifa por diámetro de contador prevista na ordenanza fiscal.

#### **Artigo 26. Conservación dos contadores.**

É obriga do usuario conservar e manter o contador en perfecto estado de funcionamento. O contador só poderá ser obxecto de manipulación polo encargado municipal.

#### **Artigo 27. Usuarios sen contador.**

Nos abastecementos existentes sen contador, o Concello requirirá ao usuario para a súa instalación nun prazo non inferior a dez días nin superior a trinta.

Durante este prazo o consumo facturado será estimado polo Concello en función das características do abastecemento:

- Para uso doméstico: nunca menos do dobre do consumo marcado pola correspondente ordenanza fiscal como máximo no tramo correspondente ao de maior consumo. (D06)

- Para uso non doméstico: nunca menos do consumo marcado pola correspondente ordenanza fiscal como máximo no tramo correspondente ao de maior consumo. (A10)

Unha vez rematado o prazo sen que o usuario teña procedido á instalación do contador, o Concello reiterará o requerimento apercibíndolle de que, en caso de que non proceda á súa instalación no prazo de 7 días, poderá procederse ao corte da subministración, sen prexuízo das sancións que se lle puideran impoñer. Precintarase a toma quedando obrigado o usuario, en caso de querer recuperar o servizo, a tramitar unha nova alta con aboamento dos dereitos correspondentes ao novo enganche. A nova alta non será tramitada en caso de non ter efectuado o pagamento dos recibos pendentes e dos dereitos de enganche.

#### **Artigo 28. Contadores avariados.**

Se ao realizar as lecturas ou durante as visitas de inspección se comprobase que o contador está avariado, requirirase ao usuario para que leve a cabo a reparación ou substitución do dito contador.

Os contadores deben ser reparados ou substituídos no prazo improrrogable de 20 días dende que se lle notifique o correspondente requerimento.

Unha vez arranxado ou instalado un novo, o seu correcto funcionamento será verificado polos servizos técnicos do Concello.

Unha vez rematado o prazo sen que o usuario teña procedido ao arranxo ou substitución do contador o Concello poderá instalar un contador de aluguer, sempre e cando exista accesibilidade para a súa colocación, cobrando por este concepto 5,00 € por trimestre, facturando o aluguer co correspondente recibo trimestral de consumo, ou suspender o subministro de auga nas condicións establecidas neste regulamento. No caso de suspensión do subministro precintarase a toma quedando obrigado o usuario, en caso de querer recuperar o servizo, a tramitar unha nova alta, con aboamento dos dereitos correspondentes ao novo enganche. A nova alta non será tramitada en caso de non ter efectuado o pagamento dos recibos pendentes e dos dereitos de enganche.

Durante o prazo en que o contador estea avariado o consumo facturado será estimado polo Concello en función do consumo liquidado en igual período durante os doce meses anteriores incrementado nun 100%.

#### **Artigo 29. Contadores con deficiencias de instalación.**

No caso de que durante as visitas de inspección se detectara que algún contador non cumple, en canto á súa localización ou forma de instalación, cos requisitos determinados no presente Regulamento, o Concello poderá efectuar un requerimento para poñer fin a ditas deficiencias seguindo o procedemento regulado no artigo anterior.

Se a deficiencia de instalación consiste en ter o contador situado nun lugar que careza de acceso directo dende a vía pública e durante as visitas que se xiren para efectuar a lectura estivera pechada a finca, local ou vivenda, sendo imposible realizala, tomarase como lectura a anterior da que se tivera constancia incrementada nun 100%.

Cando puidera ser realizada a lectura, facturaránsele os metros cúbicos consumidos dende a última realizada, sen que poidan ser descontados os mínimos xa facturados.

#### **Artigo 30. Inspección de contadores.**

O Concello poderá inspeccionar o estado dos contadores para garantir o seu correcto funcionamento que permita un control real do consumo de auga.

Todo usuario queda obrigado a permitir que sexa visitada a súa instalación polos empregados municipais encargados deste cometido, sen opoñer ningún obstáculo a cantas comprobacións periódicas ou excepcionais se estimen procedentes.

O persoal municipal deixará constancia das ditas inspeccións indicando a data e o resultado do seu recoñecemento.

A negativa dos usuarios a autorizar as revisións será causa para a retirada do servizo nos termos previstos neste regulamento.

Se un usuario xulga que o volume de auga realmente consumido non se corresponde co rexistrado no contador, poderá solicitar a súa revisión.

### **CAPÍTULO VIII. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN.**

#### **Artigo 31. Formalización do contrato de subministro.**

Unha vez autorizada a alta no servizo e feitas as instalacións necesarias procederase a formalizar entre o Concello e o usuario autorizado o correspondente contrato ou póliza de subministro.

Se o contratante é o arrendatario ou un posuidor precarista, precisará da autorización do dono do inmoble. Esta autorización comportará que o dono asume, ante o Concello, a responsabilidade solidaria das obligas, tributarias e de outra índole, derivadas do contrato de subministración.

Cando a subministración de auga sexa con destino a unha obra formalizará o contrato o titular da licenza urbanística.

#### **Artigo 32. Obxecto do contrato.**

Os contratos de subministración de auga referiranse a unha vivenda, local, industria ou obra que constitúa unha unidade independente.

A subministración de auga enténdese adscrita ao uso para o que se conveu e non se pode dedicar a outros fins.

#### **Artigo 33. Duración do contrato.**

O contrato terá unha duración indefinida. Non obstante entenderase por rematado o contrato.

-Cando o a usuario solicite a baixa do servizo ou se produza un cambio de titularidade.

-Cando se produza a extinción da subministración.

#### **Artigo 34. Forma do contrato.**

O contrato de subministración de auga formalizarase por escrito con suxeición aos modelos aprobados polo Concello.

A formalización do contrato levará implícito o compromiso do usuario de cumplir ás disposicións consignadas no presente regulamento.

#### **Artigo 35. Cambio de usuarios.**

Cando se produza un cambio de titularidade no dereito de uso do inmoble ou industria obxecto de subministración o novo titular deberá comunicarollo ao Concello no prazo dun mes, coa finalidade de facer un novo contrato.

Nos casos que o cambio de titularidade supoña un cambio de uso este dará lugar a tramitación dunha nova alta con todos os efectos previstos neste Regulamento.

#### **Artigo 36. Cambios de uso.**

No momento de solicitar a alta no servizo e de formalizar o contrato o usuario deberá indicar o tipo de uso e tramo de consumo no que se vai a dar de alta para os efectos do cálculo da correspondente taxa.

Os cambios de tramo e de uso so poderán realizarse anualmente e terán efectos ao inicio do novo período impositivo, salvo aqueles que supoñan un cambio de titularidade nos termos previstos no artigo anterior.

### **CAPÍTULO IX. CONDICIÓNNS DE SUBMINISTRACIÓN DA AUGA.**

#### **Artigo 37. Continuidade do servizo.**

Non sendo por causa de forza maior ou avarías nas instalacións públicas, o Concello ten a obriga de manter permanentemente o servizo.

#### **Artigo 38. Suspensións temporais do servizo.**

O servizo municipal de auga poderá suspender temporalmente o servizo nos seguintes casos:

a) Cando sexa imprescindible para realizar traballos de mantemento, de reparación ou de melloras nas instalacións públicas.

b) No suposto de perda das condicións de potabilidade da auga que comporte un risco para a saúde dos usuarios.

c) Por causas de forza maior.

Cando se produzcan cortes previstos e programados o Concello deberá preavisar aos usuarios, cando menos con vinte e catro horas de antelación, por medio de anuncios nun medio de comunicación ou nos lugares públicos de costume.

O preaviso advertirá da duración prevista da interrupción.

#### **Artigo 39. Restrición na subministración.**

O servizo de subministración de auga corrente ten por finalidade satisfacer as necesidades da poboación, e preferentemente as derivadas dos usos domésticos. A utilización da auga para outras finalidades estará suxeita a que as necesidades de abastecemento da poboación o permitan .

Sen prexuízo do que dispoña a normativa legal aplicable, o Concello poderá restrinxir ou suspender a subministración de auga, en casos de urxencia, sen que iso comporte ningunha obriga de indemnización.

Neste caso o Concello está obrigado a informar aos usuarios das medidas que se van adoptar, da data de iniciación, da duración previsible e das razóns que as motivan

## CAPÍTULO X. LECTURAS, CONSUMOS E FACTURACIÓN.

### Artigo 40. Periodicidade da lectura dos contadores.

O servizo municipal de auga está obrigado a manter un sistema de lectura dos contadores que sexa permanente e periódico.

A facturación de consumo realizarase con carácter trimestral e de conformidade co cadro de tarifas da ordenanza reguladora da taxa pola prestación deste servizo.

### Artigo 41. Lecturas.

Para a práctica da lectura dos contadores, levarase a cabo en soporte informático o padrón de abonados do servizo municipal de auga no que se incluirán todos os datos persoais e de subministro que permitan a correcta identificación, lectura e facturación.

Cando por causas alleas ao Concello non fose posible facer a lectura dun contador, estarase o disposto nos artigos 27, 28 e 29 deste Regulamento en canto a forma de facturación.

### Artigo 42. Determinación do consumo.

O consumo de cada usuario determinábase pola diferenza entre as lecturas de dous períodos consecutivos de facturación.

O persoal municipal encargado deste cometido soamente terá en conta para a facturación a medición resultante do contador debidamente homologado e instalado.

Se o encargado municipal detecta a través da lectura do contador consumos desproporcionados ou fóra do común, comunicarallo ao usuario para que faga as comprobacións oportunas nas súas instalacións interiores.

Constatado polos servizos municipais que o aumento de consumo non é debido ás actuacións do usuario e que este non actuou con doño ou negligencia grave, aquel poderá solicitar unha nova liquidação na que se terán en conta os consumos realizados nos tres trimestres anteriores ao do trimestre en que se produciu o aumento, estimándose un consumo medio para dito trimestre.

No caso de que o consumo xa fóra facturado, unha vez efectuadas as comprobacións indicadas nos parágrafos anteriores, poderá solicitar a devolución da diferenza entre o consumo real e o consumo medio dos tres anteriores trimestres.

### Artigo 43. Consumos calculados.

O Concello confeccionará os recibos por consumo de auga unha vez ao trimestre, a continuación da lectura do correspondente contador.

As cantidades a facturar obteranse das anotacións de lectura e para lograr a súa cota, multiplicarase os metros cúbicos consumidos, segundo o reflectido no contador polo importe das tarifas que se atopen en vigor en cada momento no Concello, incluíndo o Imposto sobre o Valor Engadido vixente.

En caso de desconformidade co recibo que se lle facture, o abonado poderá presentar recurso ante a Alcaldía ou órgano municipal que aprobase a liquidação.

### Artigo 44. Facturas e recibos.

As facturas e recibos emitidos polo Concello deberán levar, cando menos os seguintes datos: nome e apelidos, DNI ou CIF, do usuario, enderezo do inmoble obxecto de subministración, enderezo ao que se dirixe a notificación, tarifa aplicada, lecturas do contador que determinan o consumo, xunto coas datas das mesmas que definen o prazo de facturación, indicación diferenciada dos conceptos que se facturan, importe dos tributos que se aplican e importe total dos servizos prestados.

### Artigo 45. Forma de pagamento das facturas e recibos.

O usuario poderá pagar o importe da factura emitida nas entidades de crédito autorizados por aquei.

O pagamento de recibos periódicos realizarase preferentemente polo sistema de domiciliación bancaria, para tal efecto no momento de formalizar o contrato de suministro formalizarse tamén a domiciliación.

#### **Artigo 46. Anuncio e prazo de pagamento e vía de constrinximento.**

**Início do período voluntario.** Unha vez feito público o período voluntario de cobro, o servizo municipal de auga procederá á recadación dos recibos emitidos aos abonados do servizo. O período voluntario de cobranza será de dous meses.

**Iniciación da vía recadatoria en vía de constrinximento.** A falla de pagamento no momento e prazos fixados para o período voluntario motivará a apertura do procedemento de recadación en vía de constrinximento, unha vez transcorridos dous meses dende o seu vencemento, sen que se conseguiuse o seu cobro a pesares de ter realizado as xestións oportunas.

Todo o anterior sen prexuízo de que tamén se poda incoar o expediente para proceder ao corte de subministración de auga, previo cumprimento dos requisitos legais esixibles, e os que regulamentariamente estean establecidos en cada momento.

#### **Artigo 47. Corrección de errores na facturación.**

O usuario poderá obter do Concello calquera información tocante ás lecturas, facturacións, comprobacións de contador, cobros, tarifas aplicadas e, en xeral, a calquera cuestión relacionada coa subministración de auga.

Nos casos en que por erro imputable ao Concello se facturasen cantidades inferiores ás realmente debidas, o usuario terá dereito a que se lle fraccione o pagamento das diferencias ao longo dun período de tempo igual a aquel ao que se refiren as facturacións erróneas, ata o máximo dun ano.

Cando o usuario lle presente ao Concello unha reclamación para a devolución de ingresos indebidos, expresará de xeito breve e claro os conceptos e fundamentos nos que se base e achegará os xustificantes de pagamentos e calquera outra documentación que corresponda.

### **CAPÍTULO XI. SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DA SUBMINISTRACIÓN.**

#### **Artigo 48. Causas de suspensión da subministración.**

O concello poderá suspender a subministración de auga aos usuarios polas seguintes causas:

a) Por falla de pagamento da facturación por subministración de auga, transcorrido o prazo de tres meses desde que rematase o período de pagamento en vía voluntaria.

b) Por inexistencia de contrato que ampare a subministración.

c) Por mor de que o usuario poña nas súas instalacións de subministración, sen autorización do Concello, bombas ou calquera outro aparello que poida afectar á rede de distribución do seu contorno e o servizo prestado a outros usuarios.

e) Por mor de que un usuario derive ou permita a derivación de auga desde as súas instalacións a outros inmobles, terreos, edificacións ou locais diferentes aos sinalados no contrato.

f) Por mor de que o usuario non lle permita a entrada no seu inmoble ou local ao persoal autorizado polo Concello, para revisar ou inspeccionar as instalacións.

g) Por mor de se atoparen derivacións clandestinas de auga desde as instalacións da rede pública de subministración. Enténdese por derivacións clandestinas as realizadas sen contrato nin autorización do concello. Nestes casos, o concello poderá suspender a subministración de xeito inmediato.

h) Por mor de que o uso que lle dea á auga o usuario ou o estado das súas instalacións interiores poidan afectar negativamente as condicións de potabilidade na rede de distribución.

Neste caso o servizo municipal de auga poderá suspender a subministración de xeito inmediato.

i) Por mor de que o usuario non cumpra a orde de modificación das condicións da caixa do contador, de substitución do contador ou de reparación das instalacións interiores para adegualalas ás condicións regulamentarias.

j) Por non ser posible a lectura do contador durante tres períodos de facturación consecutivos.

k) Por negligencia grave do usuario na conservación das súas instalacións.

I) Por utilización inapropiada da auga doméstica para regar ou para outros usos diferentes dos contratados, sempre e cando a facturación supere o 150% do mínimo que lle correspondería ao uso autorizado.

m) Por infracción das restriccións ou prohibicións de usos da auga legalmente adoptadas.

A potestade de suspensión da subministración enténdese que é sen prexuízo doutras accións legais que sexan procedentes para esixirlles aos usuarios as responsabilidades en que puidesen incorrer.

#### **Artigo 49. Procedemento de suspensión da subministración.**

O Concello está autorizado para a suspensión da subministración nos casos que prevé este regulamento. Para isto o concello deberállas notificar previamente e por escrito ao usuario as causas que xustifican a suspensión.

Advertiralle expresamente ao usuario que se no prazo mínimo de dez e máximo de quince días contados desde que reciba a notificación non desaparecen aquelas causas, levará a efecto a suspensión da subministración.

A notificación da suspensión conterá os seguintes datos: nome e endereço do usuario, nome e endereço do inmoble afectado, data a partir da que se producirá ou, se fose o caso, se produciu, a suspensión, así como as causas que motivan a suspensión.

O Concello reporá a subministración no mesmo día ou no día hábil seguinte a aquel ao que se corrixiron as causas que xustificaron a suspensión.

Transcorridos tres meses desde que se producise a suspensión sen que o usuario emendara as causas que a motivaron, o Concello poderá resolver unilateralmente o contrato, sen prexuízo dos dereitos que lle correspondan por facturacións pendentes.

#### **Artigo 50. Extinción da subministración.**

A subministración extinguírase:

a) Pola petición do usuario de baixa no servizo.

b) Por pedimento do dono do inmoble áinda que non sexa o usuario, sempre que probe que este perdeu o dereito de uso do inmoble.

c) Por derrubamento, destrución ou modificación substancial do inmoble ao que estaba destinada a subministración.

d) Por decisión do servizo municipal de auga nos supostos de que o beneficiario do servizo non teña a calidade de usuario, isto é, non dispoña de contrato de subministración ao seu nome, ou ben por cambio do uso ao que está destinada a subministración.

e) Cando o uso da auga ou as condicións das instalacións interiores do inmoble comporten perigo para a seguridade da rede, para a potabilidade da auga ou para os bens de terceiros, e se trate de irregularidades non emendables.

### **CAPÍTULO XII. INFRACCIÓNIS FRAUDULENTAS, INSPECCIÓN E RESPONSABILIDADE.**

#### **Artigo 51 Infraccións fraudulentas.**

Constitúen infraccións fraudulentas:

a) a inexistencia de contrato que ampare a subministración de auga;

b) a manipulación do contador ou equipo de medición de consumo de auga;

c) a existencia de derivacións do caudal antes do equipo de medición;

d) a utilización da auga para usos diferentes dos contratados, con prexuízo na facturación por aplicación doutra tarifa.

#### **Artigo 52. Inspección.**

Cando o servizo municipal de auga teña coñecemento da realización dunha infracción fraudulenta por parte do usuario, requiriralle por escrito que a corrixa no prazo mínimo de dez días e máximo de quince días e advertiralle que de transcorrer o devandito prazo sen que o fixese suspenderá a subministración da auga, sen prexuízo de outras posibles sancións que poidan imponerse.

### CAPÍTULO XIII. INFRACCIONES E SANCIÓNS

#### Artigo 53. Infracciones dos usuarios.

Na prestación dos servizos de auga potable as infracciones cometidas por usuarios ou terceiros clasífanse en moi graves, graves e leves.

##### Infracciones moi graves.

- Non efectuar as reparacións ou modificacións indicadas polo servizo municipal de auga do Concello na rede interna do usuario, que signifiquen deroche de auga e eventual dano a propiedades aledañas.
- Interferir a prestación dos servizos de auga potable, causando prexuízos a outros usuarios.
- Introducir modificacións fraudulentas nas conexións de auga potable ou nos aparatos de medición con obxecto de rexistrar menos consumo que o real.
- Interconectar redes privadas co sistema público de abastecemento de auga.
- Facer conexións directamente desde tubarias de bombeo, liñas de condución ou liñas que interconecten unidades do sistema.
- Cometer calquera acto que dane as tubarias ou equipos dos sistema de auga potable.
- Conectar equipos de bombeo ou mecanismos que succionen a auga directamente das redes de subministro ou desde as conexións domiciliarias.

##### Infracciones graves.

- Débeda en mora por un período superior a tres trimestres.
- Impedir o acceso ao inmoble do servizo municipal de auga para a lectura dos medidores, a inspección das instalacións ou o exercicio da calquera das funcións propias do seu cargo.
- Retirar ou danar os selos de seguridade dos medidores.
- Non pagar a conexión de auga potable.
- Efectuar conexións a rede pública de auga potable, mediante instalacións arbitrarias, sen contador e sen coñecemento nin autorización do servizo municipal de auga.
- Interconectar as instalacións contra incendio coas conexións de auga potable.
- Cortar ou interromper o servizo de auga potable dun terceiro.
- Efectuar a reposición dun servizo suspendido para o que non se houbera ordenado o seu restablecemento, áinda cando se houberen feito os pagos pendentes.
- Efectuar conexións que descarguen augas pluviais na rede de sumidoiro sanitario e viceversa, salvo que se trate de sumidoiro unitario.

##### Infracciones leves.

Calquera acción ou omisión prohibida por este Regulamento e non cualificada coa moi grave ou grave.

#### Artigo 54. Sancións.

- As infracciones moi graves poderán ser sancionadas con multa de ata 3.000 euros.
- As infracciones graves con multa de ata 1.500 euros.
- As infracciones leves con multa de ata 750 euros.

Para a imposición das sancións teranse en conta a intensidade do dano ocasionado, a reiteración nos feitos que constitúen a infracción o a existencia de intencionalidade, negligencia ou dolo.

As infracciones fraudulentas, para os efectos de impoñer sancións, terán a consideración de infracciones moi graves e entendendo que existe intencionalidade ao efectos de graduar as posibles sancións.

#### **Artigo. 55 Procedemento sancionador.**

A imposición de sancións esixirá a tramitación do oportuno expediente sancionador, de conformidade co que dispón a Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas e a súa normativa complementaria, Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL.**

Os titulares de abastecementos privados serán os responsables da súa xestión e mantemento.

Nestes casos o Concello non estará obrigado a realización de obras de mantemento ou reparacións salvo que os devanditos abastecementos sexan cedidos ao Concello pasando a formar parte da rede pública de abastecemento de auga potable.

Cando por circunstancias excepcionais de seca, escaseza de caudais ou outras similares sexa preciso realizar transvases de auga da traída municipal a depósitos de traídas privadas o Concello instalará o correspondente contador e facturará o consumo realizado de acordo coas tarifas previstas na ordenanza fiscal para os usos non domésticos dentro do tramo correspondente ao de menor consumo (A01).

Se a situación persiste por máis de seis meses deixará de considerarse excepcional e o Concello comunicará aos titulares do abastecemento tal circunstancia, indicándolle que para poder seguir facendo uso da auga de titularidade municipal deberán incorporarse a rede pública de abastecemento e advertíndolle de que de non facelo procederese ao corte do subministro provisional.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte de que se publique integralmente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os art.70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e será de aplicación a partir do exercicio 2013 conxuntamente coa nova ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable.

#### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA.**

O presente regulamento derroga, desde o momento da súa efectiva aplicación, calquera outra norma anterior sobre a materia existente neste Concello.

A Pastoriza 25 de setembro de 2012.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra

R. 4025

#### *Anuncio*

O Pleno desta Corporación en sesión de data 07 de agosto de 2012 aprobou inicialmente a Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación dos servizos de ensino na Escola Municipal de Música.

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público o acordo provisional adquire carácter definitivo e en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais faise público o seu texto íntegro para a súa entrada en vigor.

Contra a ordenanza aprobada poderase interpoñer, recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que contará dende o día seguinte ao da presente publicación.

#### **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ENSINO NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA**

#### **Artigo 1. Fundamento e natureza.**

Ao abeiro do previsto no art. 41 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do devandito texto legal, o Concello da Pastoriza establece o prezo público pola prestación dos servizos de ensino na Escola Municipal de Música, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.